administracións públicas		<ul style="list-style-type: none"> • Explicación dos contidos • Buscar as ofertas de traballo das administracións 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer a relacións de traballo coa administración autonómica • Coñecer a relacións de traballo cos concellos 	<ul style="list-style-type: none"> • Libro de texto • Visitar o concello 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.6 - Exame 	
Dereitos e deberes, e situacións administrativas do funcionario - Dereitos e deberes, e situacións administrativas do funcionario	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación dos contidos da actividade 	<ul style="list-style-type: none"> • Identificar todas as posibilidades de relación laboral coa administración do estado 	<ul style="list-style-type: none"> • Identificar todas as posibilidades de relación laboral coa administración do estado • Analizar a oferta do emprego público 	<ul style="list-style-type: none"> • Libro de texto • BOE • Internet 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.7 - Exame • PE.8 - Exame 	6,0
TOTAL						30,0

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	O acto administrativo, procedemento e contratos administrativos	30

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Describe os tipos e as características das relacións entre a cidadanía e a Administración, e formaliza documentación que xurda desta.	SI

4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar as relacións entre o administrador e o administrado, así como os procedementos que pon fin ao acto administrativo	1	O acto administrativo, o seu procedemento.	10,0
2.1 Formular distintos contratos coas administracións públicas, recoñecendo os diferentes organismos e persoas que a integran.	2	Os contratos públicos	10,0
3.1 Identificar o recurso a que pode acceder o cidadán.	3	Recursos administrativos	10,0

TOTAL	30
--------------	-----------

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA6.1 Definiuse o concepto de acto administrativo.	• PE.1 - Preguntas obxectivas	S	10
CA6.2 Clasificáronse os actos administrativos.	• PE.2 - Preguntas obxectivas	S	15
CA6.3 Definiuse o proceso administrativo, os seus tipos, as súas fases e os tipos de silencio.	• PE.3 - Preguntas obxectivas	S	10
CA6.4 Precísáronse os tipos de contratos administrativos.	• PE.4 - Preguntas obxectivas	S	10
CA6.5 Definiuse o concepto de recurso administrativo e diferenciáronse os seus tipos.	• PE.5 - Preguntas obxectivas	S	10
CA6.6 Identificáronse os actos recorribles dos non recorribles.	• PE.6 - Preguntas obxectivas	S	20
CA6.7 Verificáronse as condicións para a interposición dun recurso administrativo.	• PE.7 - Preguntas obxectivas	S	10
CA6.8 Precísáronse os órganos da xurisdición contencioso-administrativa e o seu ámbito de aplicación.	• PE.8 - Preguntas obxectivas	S	10
CA6.9 Relacionáronse as fases do procedemento contencioso-administrativo.	• PE.9 - Preguntas obxectivas	N	5
TOTAL			100

4.6.e) Contidos

Contidos
Acto administrativo.

Contidos
Silencio administrativo. Contratos administrativos. Procedemento administrativo: as súas fases. Recursos administrativos. Xurisdición contencioso-administrativa.

4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O acto administrativo, o seu procedemento. - O acto administrativo, o procedemento administrativo e o silencio administrativo	<ul style="list-style-type: none"> Explicación do acto administrativo e do seu procedemento Diferenciar o silencio administrativo positivo do negativo, así como explicar os recursos aplicables 	<ul style="list-style-type: none"> Resposta ao plantexado polo profesor 	<ul style="list-style-type: none"> Esquema dos recursos administrativos Identifica o acto administrativo, a súas clases e o modo de proceder. 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto, proxeutor, internet 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Preguntas obxectivas PE.2 - Preguntas obxectivas PE.3 - Preguntas obxectivas PE.6 - Preguntas obxectivas 	10,0
Os contratos públicos - Diferentes tipos de contratos coas administracións públicas	<ul style="list-style-type: none"> Explicación do concepto de contrato administrativo e os diferentes tipos 	<ul style="list-style-type: none"> Coñecementos dos distintos tipos de contratos perante as administracións públicas 	<ul style="list-style-type: none"> Identificación dos diferentes contratos levados a cabo coas administracións públicas 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto, páxinas de periódico, internet. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - Preguntas obxectivas 	10,0
Recursos administrativos - Identificación dos distintos recurso a que dereito o cidadán	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos distintos tipos de recursos administrativos que ten a seu alcance o administrado 	<ul style="list-style-type: none"> Comprensión dos distintos tipos de recursos e as datas de presentación 	<ul style="list-style-type: none"> Identificar os recursos existentes no eido administrativo 	<ul style="list-style-type: none"> libro de texto, documentos aplicables, internet. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - Preguntas obxectivas PE.7 - Preguntas obxectivas PE.8 - Preguntas obxectivas PE.9 - Preguntas obxectivas 	10,0

TOTAL	30,0
--------------	-------------

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Arquivos e rexistros	7

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Realiza xestións de obtención de información e presentación de documentos ante a Administración, e identifica os tipos de rexistros públicos.	SI

4.7.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os dereitos e deberes dos cidadáns ante a Administración	1	Os arquivos e os rexistros na Administración	4,0
2.1 Identificar os dereitos e deberes dos cidadáns ante a Administración	2	O dereito dos cidadáns a ser informados	3,0
TOTAL			7

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA7.1 Cumpriñonse as normas de presentación de documentos ante a Administración.	• PE.1 - Proba obxectiva	S	20
CA7.2 Recoñecéronse as funcións dos arquivos públicos.	• PE.2 - Proba obxectiva	S	25
CA7.3 Solicitouse determinada información nun rexistro público.	• PE.3 - Proba obxectiva	N	15
CA7.4 Recoñeceuse o dereito á información, á atención e á participación da cidadanía.	• PE.4 - Proba obxectiva	S	20
CA7.5 Accedeuse ás oficinas de información e atención á cidadanía por vías como as páxinas web, os portelos únicos e a atención telefónica, para obter información salientable e relacionala nun informe tipo.	• PE.5 - Proba obxectiva	N	10
CA7.6 Identificáronse e describíronse os límites do dereito á información relacionados cos datos en poder da Administración sobre a cidadanía.	• PE.6 - Proba obxectiva	N	10
TOTAL			100

4.7.e) Contidos

Contidos
Documentos na Administración.
Arquivos públicos.
Rexistros públicos.
Dereito á información, á atención e á participación da cidadanía.
Vías de obtención de información e de atención á cidadanía.
Límites do dereito á información.

4.7.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Os arquivos e os rexistros na Administración - Explicación dos diferentes arquivos existentes nas Administracións Públicas	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación dos diferentes tipos de rexistros e a forma de archivar 	<ul style="list-style-type: none"> • Arquivo dos documentos entregados na aula 	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñecemento do rexistro e o arquivo 	<ul style="list-style-type: none"> • Documentos entregados, libro de texto, revistas e internet 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.2 - Proba obxectiva 	4,0
O dereito dos cidadáns a ser informados - Explicación sobre os dereitos que teñen os administrados fronte a Administración	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación sobre a maneira de cumprimentar os distintos documentos requeridos na Administración e os dereitos que teñen os administrados 	<ul style="list-style-type: none"> • Cumplimentación dos documentos requeridos 	<ul style="list-style-type: none"> • Cumplimentación. 	<ul style="list-style-type: none"> • Impresos oficiais, libro de texto, internet 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 - Proba obxectiva • PE.3 - Proba obxectiva • PE.4 - Proba obxectiva • PE.5 - Proba obxectiva • PE.6 - Proba obxectiva 	3,0
TOTAL						7,0

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación
MÍNIMOS EXIXIBLES:

- Definiuse o concepto de empresa.
- Distinguiuse entre personalidade física e xurídica.
- Diferenciáronse empresas segundo a súa constitución legal.
- Recoñcéronse as características do empresario autónomo.
- Describíronse as implicacións da innovación e da iniciativa emprendedora na competitividade empresarial.
- Comparáronse e documentáronse experiencias de innovación empresarial, e valoráronse os factores de risco asumidos en cada unha.
- Definíronse as características de empresas de base tecnolóxica en relación cos sectores económicos.

- Analizáronse posibilidades de internacionalización dalgunhas empresas como factor de innovación.
- Procuráronse axudas e ferramentas públicas e privadas para a innovación, a creación e a internacionalización de empresas.
- Definíronse os conceptos de tributo e de sistema tributario español.
- Identificáronse os tipos de tributos.
- Discrimináronse as súas principais características.
- Diferenciouse entre impostos directos e indirectos. Identificáronse os elementos da declaración-liquidación.
- Recoñécéronse as formas de extinción das débedas tributarias.
- Definíronse as obrigas fiscais da empresa.
- Precisouse a necesidade de alta no censo.
- Recoñécéronse as características xerais do IVE e os seus réximes.
- Interpretáronse os modelos de liquidación do IVE e recoñécéronse os prazos de declaración-liquidación.
- Recoñeceuse a natureza e o ámbito de aplicación do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF).
- Formalizáronse os modelos de liquidación do IRPF, e recoñécéronse os prazos de declaración-liquidación.
- Recoñécéronse as organización que componen as administración públicas.
- Interpretáronse as relacións entre as administracións públicas.
- Obtívose información das administracións públicas a través de diversas vías de acceso.
- Precisáronse as formas de relación laboral na Administración.
- Identificáronse as funcións dos fedatarios públicos.
- Definiuse o concepto de acto administrativo.
- Clasificáronse os actos administrativos.
- Definiuse o proceso administrativo, os seus tipos, as súas fases e os tipos de silencio.
- Precisáronse os tipos de contratos administrativos.
- Definiuse o concepto de recurso administrativo e diferenciáronse os seus tipos.
- Identificáronse os actos recorribles dos non recorribles.
- Verificáronse as condicións para a interposición dun recurso administrativo.
- Precisáronse os órganos da xurisdición contencioso-administrativa e o seu ámbito de aplicación.
- Cumpríronse as normas de presentación de documentos ante a Administración.
- Recoñécéronse as funcións dos arquivos públicos.
- Recoñeceuse o dereito a información, á atención e á participación da cidadanía.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

O sistema de cualificación será numérico entre 1 e 10, expresado con números enteiros. En cada avaliación trimestral o alumno realizará unha proba obxectiva ou varias (a criterio do profesor) de carácter teórico e/ou práctico que suporán un 75% da nota. Nesta proba ou en cada unha delas deberá obter como mínimo cinco puntos para facer media coa nota obtida na valoración das tarefas.

As actividades, tarefas, traballos que poderán ser individuais ou en grupos (neste último caso dada a situación sanitaria actual facendo uso das TICs) suporán un 25% da nota. A calificación desta parte será o resultado de calcular a media aritmética da cualificación obtida en cada unha das tarefas, tendo en conta que a entrega fóra do prazo establecido polo docente ou a non entrega, sen a debida xustificación, suporá unha calificación de cero puntos. A sospeita fundada de copia implica a consideración de non entregado e terá o mesmo tratamento que o exposto anteriormente.

O sistema de avaliación continua para ciclos formativos, supón que a nota final coincidirá coa do último trimestre, sempre e cando estean todas as avaliacións aprobadas (unha cualificación igual ou superior a un 5). En caso de haber alguna avaliación suspensa, a nota máxima que poderá recibir o alumno será un 4, aínda que a media aritmética das avaliacións iguale ou supere o 5. A nota final calcularase como media aritmética das notas obtidas nos trimestres, téndose en conta o arriba mencionado referente ao mínimo de 5 a efectos de cálculos.

O alumno poderá aprobar no exame final de xuño as partes da materia que teña pendentes, para isto deberá acadar unha nota mínima de cinco en cada unha das partes pendentes. O exame de Xuño terá carácter teórico e/ou práctico.

Se un/ha alumno/a non se presenta a un exame, só terá dereito á repetición do exame aportando un xustificante oficial por escrito que xustifique a devandita ausencia. Considéranse causas xustificadas da non asistencia a un exame as seguintes:

- a) Enfermidade grave ou hospitalización que impida fisicamente a asistencia ou realización do exame.
- b) Morte ou hospitalización dun familiar con relación de parentesco de primeiro grado ocorrida dentro das 48 horas anteriores á celebración do exame.
- c) Citación xudicial inaprazable que impida a asistencia ao exame.
- d) Calquera outra libremente apreciada pola profesora, da que o alumno deberá aportar a xustificación debida.

A superación dos controis, exames, tarefas e traballos deberá obterse de forma lícita. Polo tanto, o feito de copiar nun exame, permitir que outras persoas copien, levar teléfono móbil, auriculares, apuntamentos, etc. (aínda que non sexan usados) ou participar en calquera actividade ou estratexia para mellorar os resultados propios ou alleos mediante procedementos deshonestos, suporá a retirada inmediata do citado exame, obtendo un cero na cualificación do mesmo, sen dereito a repetición, o que suporá unha nota de suspenso nas unidades que compoñan esa avaliación. A profesora tamén poderá rexeitar un exame ou traballo se a súa presentación ou caligrafía o fan ilexible.

Se a situación sanitaria consecuencia da pandemia non permitise realizar exames presenciais, estes serán substituídos por probas telemáticas que terán o mesmo peso porcentual e manterase as ponderacións no caso das tarefas, actividades.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Segundo o artigo 31 da Orde do 12 de xullo do 2011, o alumnado de segundo curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por non ter superado o módulo poderá recupéralo no período que vai dende a avaliación parcial previa á FCT ata a avaliación final dos módulos de segundo curso. Para este fin, o profesor entregará ao alumno un informe individualizado como o que se detalla no artigo 39 desta mesma orde, o cal conterá a información suficiente sobre os resultados de aprendizaxe non acadados polo alumno para que éste o teña en conta na súa aprendizaxe. Nesta etapa de recuperación, se establecerán novas datas de entrega para as tarefas e/ou actividades de recuperación propostas, nos cales se deberá acadar a puntuación de 5 en cada un deles para consideralos aprobados. Ao final do período de recuperación ademais das tarefas e/ou actividades de recuperación propostas, o alumno realizará unha proba escrita ou oral que deberá superar cun mínimo de 5. O sistema de cualificación será o mesmo que exposto no apartado 5.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perdeu o dereito a ser avaliado dun xeito continuo por ter superado o 10% das faltas de asistencia (non xustificadas) neste módulo 15 sesións, terán que superar un exame extraordinario sobre toda a materia do módulo. Este exame constará dunha proba escrita e/ou oral, teórica e/ou práctica que versará sobre os contidos de todo o módulo. Para superar dita proba será necesario obter unha puntuación igual ou superior a 5.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A avaliación da práctica docente é unha compoñente fundamental dentro do proceso xeral de avaliación académica na que debemos avaliar:

- Os procedementos de ensinanza.
- A labor docente do profesor/a en relación co logro dos obxectivos xerais do currículo.
- A programación docente.
- O desenvolvemento curricular en relación ós espazos e horarios dispoñibles en tamén respecto da orientación académica e profesional.

Para poder avaliar estes elementos utilizaranse instrumentos como:

- Seguimento mensual do desenvolvemento da programación, tanto na súa duración como na adecuación das actividades á consecución dos

obxectivos. Para dito seguimento mensual da programación, utilizarase a aplicación web da Consellería destinada a tal fin. Nesta ferramenta anotaranse as desviacións observadas e os motivos. A programación didáctica é un documento vivo que debe adaptarse ás circunstancias particulares de cada grupo e do contexto en que se imparte, polo que poderá ser modificada deixando constancia dos motivos que o determinaron.

- Presentación de enquisas ao alumnado que permitan un posterior análise dos resultados acadados.
- Comunicación cos alumnos e alumnas no que se poña de relevo os aspectos positivos e negativos respecto ó módulo e ó profesor ou profesora.
- Avaliación persoal do profesor ou profesora das explicacións e actividades desenvolvidas a partir dos resultados académicos alcanzados polo alumnado.

As conclusións extraídas da análise dos resultados obtidos con estes instrumentos deben contribuír á mellora da calidade da formación ofrecida, así como á adaptación da programación docente, das actividades a desenvolver para acadar os criterios de realización e contidos básicos do currículo.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Consistirá nunha posta en común do equipo docente sobre as características xerais do grupo e as circunstancias particulares, con incidencia educativa, de determinados alumnos, que se levará a cabo nas primeiras semanas do curso.

Terá por obxecto coñecer as características, capacidades dos alumnos e súa formación previa, a súa experiencia laboral e o seu dominio das novas tecnoloxías (cursos realizados, aplicacións que domina...) todo encamiñado a tomar as medidas de reforzo e/ou adaptacións que se estimen oportunas en función da composición do grupo.

Coa finalidade de atender a diversidade do alumnado promoverase unha aprendizaxe que permita relacionar os novos contidos cos seus coñecementos previos, realizaranse actividades de diferentes niveis de dificultade e realizaranse actividades de grupos que axuden ó alumno a integrarse e á promoción do traballo en equipo.

Así mesmo, as actividades que se desenvolvan serán de dificultade progresiva, desde os niveis básicos que axuden a acadar os mínimos esixibles ata niveis máis avanzados, que permitan profundizar e especializarse na materia.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A atención específica a este alumnado ten por finalidade que estes alumnos poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

En xeral, proporáanse actividades de reforzo, repaso e profundización segundo as necesidades de cada alumno/a e adaptarase o ritmo de exposición de novos conceptos. Utilizaranse metodoloxías diversas e adaptadas a realidade e a contorna na que viven os alumnos/as para que lles sexa máis fácil asimilalos, proposta de actividades con diferentes niveis de dificultade, etc.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

No momento actual, os contidos curriculares dos temas transversais responden a unha demanda social, xa que é a sociedade a que demanda que estes elementos estean presentes na educación. Son contidos educativos de alto valor para o desenvolvemento persoal e integral do alumnado e responden a un proxecto de sociedade e educación.

Os contidos curriculares relevantes para as ensinanzas transversais son, sobre todo, actitudes e valores éticos que deben contribuír a que o alumnado adquira un maior grao de autonomía moral. Por todos estes motivos, as ensinanzas transversais constitúen unha responsabilidade de toda a comunidade educativa, tamén do equipo docente, e deben figurar no proxecto do centro, no proxecto curricular do ciclo formativo e tamén nas programacións que desenvolve o profesorado, figurando de forma global nos obxectivos, contidos e criterios de avaliación dos módulos.

Adquiren especial relevancia contidos transversais referidos á igualdade de dereitos entre sexos, rexeitar todo tipo de discriminación negativa, respecto ás diversas culturas e a contribución do sexo feminino no progreso da sociedade.

Ademais, a diversidade cultural, o desenvolvemento sostible, a cultura da paz, a utilización do tempo de ocio, o desenvolvemento de hábitos de consumo e de vida saudables e a introdución das novas tecnoloxías da información e a comunicación son aspectos que se terán en conta ó longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe.

Polo tanto, destacar que os temas transversais relacionados en maior medida co módulo que estamos a desenvolver e que, polo tanto, se tratarán ó longo das diferentes unidades didácticas son:

-Educación para a convivencia e a paz, orientando e facilitando o desenvolvemento das capacidades do alumno para que saiba orientarse en situacións de conflito de valores de forma racional, autónoma e dialogante.

-Educación para a saúde, informando e educando ó alumnado en hábitos de vida saudables con valor preventivo e educativo, sobre todo no relativo á ergonómia e a ó coidado do propio corpo na utilización dos medios informáticos. Concretarase en aspectos como a educación postural no uso do ordenador e outros problemas de saúde que poden derivar do uso inadecuado ou excesivo do mesmo.

-Educación para o consumidor e o usuario, desenvolvendo no alumnado capacidades relativas á súa propia conduta como consumidor, os seus dereitos e deberes e o funcionamento da sociedade de consumo. Neste apartado, está previsto incidir en aspectos como:

- Fomento do uso de software legal e estudo da problemática do software pirata.

- Incidencia nas vantaxes de software de distribución libre.
- Necesidade de estudo detallado da relación prezo-prestacións na adquisición de hardware e software.
- Educación tecnolóxica, dirixida ó desenvolvemento dunha actitude crítica do alumnado fronte á información que reciben a través da imaxe, sobre todo a través da Rede.
- O departamento de Administración debe facer fincapé nas súas ensinanzas na necesidade de tratar temas de Ética empresarial e Responsabilidade social corporativa e saber resolver os conflitos de maneira pacífica.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias a levar a cabo serán aquelas que oportunamente se fixen no departamento de forma que se podan cubrir as necesidades formativas do alumnado respecto do maior número de módulos posible.

10.Outros apartados

10.1) Metodoloxía

No curso académico 2022/23 debido a situación sanitaria que vivimos derivada da Covid -19, no módulo de Empresa e Administración utilizarase dende o comezo do curso académico e de modo xeralizado o uso da Aula Virtual e outras ferramentas de tipo tecnolóxico (video conferencias, en caso necesario) para por unha banda fomentar o uso das Tics entre o alumnado e por outra banda para prever posibles situacións de confinamento. Consecuencia disto, combinarase un sistema de ensino aprendizaxe presencial cun on line.